

## ACORDOS ADOPTADOS

Acordos da sesión ordinaria da Xunta de Centro da Escola Superior en Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día **27 de febreiro de 2025**.

1. Apróbanse por asentimento as actas das sesións anteriores (24/10/2024 e 25/11/2024).
2. O Director informa dos seguintes temas:
  - Celebrouse o 2º Simposio Iberoamericano de Blockchain e Ciberseguridade.
  - Participouse no “Encuentro de Secretarios y Gerentes de Organizaciones Empresariales de Pontevedra: Un Espacio para el Diálogo Social y la Innovación Empresarial”.
  - Participouse na asemblea da CODDII (Conferencia de Decanos e Directores de Enxeñaría Informática) 2024.
  - Celebrouse o encontro “Antena de Innovación Educativa: Explorando a Formación Dual na Educación Superior”.
  - Celebrouse unha Xornada de Portas Abertas dirixida ao estudantado preuniversitario de toda Galicia.
  - Participouse na Xornada de Orientación Universitaria (XOU) 2025 dirixida ao alumnado de secundaria, bacharelato e ciclos formativos de grao superior.
  - Celebrouse a oitava edición da feira divulgativa Exxperimenta en Feminino.
  - Celebrouse o obradoiro “Educación e Informática visibilizan o traballo das mulleres nas súas áreas”.
  - Visitou o centro o instituto IES do Barral (Ponteareas).
  - Participouse nun proxecto piloto para a elaboración de guías docentes utilizando a plataforma SIGMA.
  - Publicouse o libro conmemorativo dos 50 anos do Campus de Ourense.
  - Retírouse a solicitude das modificacións substanciais á memoria do Grao en Intelixencia Artificial.
  - Solicitouse o Selo Internacional de Calidade Euro-INF para o Grao en Enxeñaría Informática.
  - O proceso de acreditación institucional terá lugar entre os meses de xullo e setembro.

3. Apróbase por asentimento os novos procedementos de Calidade: AC-01, DE-01, DE-03, DO-0204 e MC-02.
4. Apróbase por unanimidade o Informe de Revisión do Sistema pola Dirección (curso 2022/2023).
5. Apróbase por asentimento o Plan de Melloras para o curso 2024/2025.
6. Apróbanse por asentimento as modificacións puntuais na guía docente da materia de Dimensión ética e xurídica da IA no Grao en Intelixencia Artificial.
7. Apróbase por unanimidade a solicitude de renovación do Selo EURO-INF para a titulación do Grao en Enxeñaría Informática.
8. Apróbanse por asentimento os criterios de distribución da bolsa de horas para o curso 2025/2026.
9. Apróbanse por unanimidade o nomeamento de persoas colaboradoras en tarefas de apoio a xestión do centro.
10. Apróbase por unanimidade a distribución da bolsa de horas para o curso 2025/2026.
11. Apróbanse por asentimento as modificacións puntuais dos horarios para o segundo cuadrimestre, curso 2024/2025, do terceiro curso do Grao en Enxeñaría Informática e do terceiro curso do Grao en Intelixencia Artificial.
12. Non se presentaron candidaturas para as prazas vacantes.
13. Non hai asuntos de trámite.
14. Infórmase das dúas queixas recibidas.
15. Non hai intervencións nin rogos nin preguntas.